

15 anos administrando solidariedade desde o local.

Plano de Sensibilización 2012

RESUMO EXECUTIVO



1. Antecedentes e contexto.

Os Planos de Sensibilización no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade (en diante, FG) veñen desenvolvéndose de modo sistemático desde o ano 2003 co apoio económico da Xunta de Galicia; implementándose desde os Concellos e Deputacións grazas á Rede Municipalista Solidaria, a rede de técnic@s que vincula á Secretaría técnica (IGADI) do FG cos seus asociados.

Desde entón, as actividades de sensibilización do FG téñense centrado en dous obxectivos fundamentais: promover unha maior conciencia no persoal político e técnico das nosas entidades locais; e prover estas entidades de recursos para que poidan desenvolver as súas propias actividades de sensibilización dirixidas ás súas cidadanías.

Máis tamén, os 123 boletíns editados do Infórmate a Fondo, dan conta dunha permanente preocupación pola comunicación da actividade do Fondo, como elemento informativo e de transparencia. Así, nos últimos anos temos sistematizado os nosos esforzos comunicativos, e tecido unha rede de comunicadores ao interior das institucións asociadas, que ten posibilitado un incremento exponencial da presenza do Fondo nos medios de comunicación galegos.

O Plano que aquí se presenta de modo resumido é esencialmente continuador daqueles que se veñen desenvolvendo desde 2009, por canto os obxectivos continúan a ser os mesmos, considerando que a liña de traballo que se vén mantendo está a ter resultados satisfactorios.

O contexto de crise incide aínda máis na relevancia de articular un plano de sensibilización que nos leve a un maior contacto cos socios, e a un maior rendemento de contas do traballo do FG no SUR e aquí. O cambio de lexislatura no local durante o 2011, obríganos a consolidar durante o 2012, a Rede Municipalista Solidaria, para traballar con éxito até o 2015.

As Liñas Estratéxicas 2011-2015 aprobadas pola nova Comisión Executiva do Fondo, serán o guieiro co que moverse nesta lexislatura, que como institución municipalista acabamos de comezar, marcada moi incisivamente pola crise económica. Entre outras

orientacións estratéxicas, destaca a liña de reforzamento do traballo de sensibilización cos socios, e de relacionamento co tecido solidario galego.

O Plano 2012 é fillo desa actitude, realista pero de argumentos maiúsculos, que significan as Liñas Estratéxicas 2011-2015. O título do Plano: 15 anos administrando solidariedade desde o local, quere por no centro das nosas actividades cos asociados, da nosa comunicación, e do noso relacionamento con outros actores do sector, o patrimonio da experiencia de tres lustros de traballo en rede, que teñen articulado desde o local; nunha triangulación coa Xunta de Galicia, unha política pública que presenta a solidariedade galega no mundo.

2. Obxectivos e resultados perseguidos.

Obxectivo xeral: Promover unhas entidades locais máis activas na solidariedade internacional.

Trátase de conseguir unhas corporacións locais galegas formadas e informadas en relación ás desigualdades internacionais, as súas causas e posibles solucións, os seus efectos no Sur e no Norte; unhas institucións conscientes da responsabilidade e capacidade de acción de Concellos e Deputacións en materia de cooperación internacional, conscientes do valor do patrimonio da historia, a experiencia e a solidariedade.

Promovemos institucións locais máis capaces de transmitir valores solidarios ás súas cidadanías, aproveitando a súa proximidade e coñecemento do tecido local. Queremos, neste ámbito, traballar para que o noso compromiso e a nosa praxe sexan homologables coas mellores de calquera outro territorio do mundo. Nese eido temos un importante papel a desenvolver, como suxire a nosa participación como asesores da cooperación descentralizada portuguesa e alemá no proxecto financiado pola Comisión Europea, Redes para o Desenvolvemento.

Os 15 anos de traballo en rede, deste -ben común do municipalismo galego, que é o Fondo, será tamén momento de balance e perspectiva.

Obxectivo específico 1. Reforzar a rede humana e organizativa-institucional do Fondo Galego.

O obxectivo 1 procura promover espazos de encontro entre nós mesmos, e tamén co mundo do Sur, co fin de non renunciar ao vocabulario da solidariedade que desde o local brotou da man do FG, desde as persoas e desde as institucións.

En todos os casos, co fin de fortalecer o compromiso local, político e técnico, coa solidariedade internacional, de intercambiar coñecementos e exemplos de boas prácticas.

- **Resultado 1.1. Realizada Visita ao Norte.**

Trátase de traer persoas que traballan co Fondo Galego nos países do Sur aos Concellos asociados, para visibilizar o traballo do Fondo nos mesmos. As súas virtudes son varias: nas Visitas ao Norte, achégase, de primeira man, o testemuño da realidade dos países máis pobres e, ademais, permítese que os socios e as súas poboacións poidan coñecer, tamén de primeira man, o traballo que cos seus recursos está a ser realizado nos países do Sur. Trátase, pois, dun exercicio de sensibilización e transparencia de primeira orde.

Estamos perante boas oportunidades para atinxir repercusión mediática das actuacións realizadas pola asociación. Ademais, constitúen verdadeiros exercicios de intercambio cultural mutuamente enriquecedor, e magníficas oportunidades para promover a imaxe de Galicia no exterior.

Durante o 2012, unha Delegación do **INPRHU-Somoto** visitará Concellos e Deputacións de Galicia, dando conta do traballo que vincula a organización nicaraguana co Fondo, na defensa dos dereitos humanos, a agroecoloxía ou a construción de vivendas.

- **Resultado 1.2. Realizadas as Redes Municipalistas Solidarias (RMS).**

Son os encontros semestrais entre representantes dos socios (xeralmente do apartado técnico, a RMS) con membros da Secretaría Técnica, para unha posta en común dos recursos de que se dispón, das actividades que se poden desenvolver, e de exemplos de boas prácticas para ser replicadas noutros lugares.

As RMS son encontros técnicos aos que tamén están convidados os políticos, mais que funcionan como **motor organizativo** de moitas das actividades deste plan, de abaixo para arriba.

Durante o 2012, serán realizadas 6 RMS por cada semestre.

- **Resultado 1.3. Realizado o programa Vacacións con Traballo (VCT).**

Os traballadores da administración local galega son socios directos e inevitables do FG. O programa Vacacións con Traballo, que durante o 2012 cumprirá a súa sétima edición, é o punto de enlace do FG con tod@s eles, máis alá dos propios técnic@s do FG nos Concellos e Deputacións. As Vacacións con Traballo consisten en estancias de un mes (o mes de vacacións) de traballadoras e traballadores de Concellos e Deputacións galegas en países do Sur: ben en municipios ou órganos afíns, ou ben con ONGDs parceiras do FG con desempeño no eido municipalista. Nese tempo achegan os seus coñecementos especializados.

Durante este 2012, será prioritario **visibilizar máis e mellor a convocatoria** das 4 prazas dispoñibles (2 Cabo Verde, 1 Nicaragua, e 1 **Cuba**), das cales as viaxes desenvolveranse despois do verán.

Durante o 2012, concretarase un **encuentro** que sirva como grupo de discusión, cos participantes en VcT, **de todas as súas edicións**. Deste encontro, poderanse sacar novas liñas de orientación do FG cos traballadores da administración local galega durante o ano 2013.

- **Resultado 1.4. Realizada unha Exposición en banda deseñada: 15 anos contra a indiferenza.**

Durante o 2012 elaborárase, coa colaboración de debuxantes e ilustradores galegos unha exposición, que por medio de viñetas en banda deseñada, obrigue a reflexión sobre as desigualdades planetarias, e a indiferenza, que en moitas ocasións, podemos observar nas nosas sociedades.

A exposición, que **nacerá dun obradoiro cos debuxantes e ilustradores**, comezará a circular en Galicia no mes de decembro de 2012, trala súa estrea, nas VII Xornadas anuais de cooperación.

- **Resultado 1.5. Realizadas as VII Xornadas anuais de cooperación.**

O FG estableceu como un dos seus obxectivos estatutarios, hai 15 anos, ser motor de formación, debate, e punto de encontro, entre tod@s aquelas interesadas no sector da cooperación internacional galega. A historia do Fondo deixa tras de si decenas de actividades articuladas en base a este obxectivo, mais se algún foro destaca pola súa pluralidade son as Xornadas anuais, que durante o ano 2012, cumpriran VII edicións.

Nas VII xornadas anuais, ademais de contar co **formato típico de mesas-debates** no horario de mañá, contará na **quenda de tarde, cun breve acto de celebración dos 15 anos**, onde se poderán escoitar os Contos coas mans abertas da Tropa de Trapo.

- **Resultado 1.6. Reforzado o Fondo Documental da cooperación municipalista galega.**

Hoxe en día o FG ten unha das máis completas coleccións de libros, revistas e vídeos relacionados coa solidariedade internacional que se enraiza no local. Están dispoñibles para os membros da Secretaría Técnica e para calquera socio que os queira solicitar, ao igual que para os actores do sistema galego de cooperación.

Trátase agora de mantela actualizada e de dar un pulo á súa utilización por parte dos socios. Nese sentido durante o 2011 articulouse a proposta de **Ciclos de Cine con Fondo**, dispoñible no web do FG, e que terá resultados visibles durante o 2012.

Obxectivo específico 2. Xerar actividades de Sensibilización social e Educación para o Desenvolvemento para as Entidades sociais.

Sermos 96 socios permítenos aproveitar economías de escala e sermos máis eficientes, tirando moito máis rendemento dos investimentos económicos realizados en materiais de sensibilización e educación para o desenvolvemento. Neste apartado, ademais, as entidades locais teñen un potencial notable pola súa proximidade á cidadanía. O modelo de funcionamento en rede, polo cal a Secretaría Técnica se coordina cos asociados ao FG, é exemplo, e capacita, para o S.XXI.

- **Resultado 2.1. Mobilizadas tres exposicións itinerantes con Unidades Didácticas e material de traballo vinculado ás mesmas + Ciclos de cine con Fondo.**

Durante 2012 continuarán a circular as exposicións **A Paz Cuestión de Fondo e mais Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio**, con cadanseu CD de recursos didácticos. Mercé da edición destes CDs, precisamente, a súa utilización recibiu un novo pulo durante o último ano.

Desde o 2011 está dispoñible unha nova exposición, **Influír no Global desde o Local**. As Entidades Locais Galegas perante un Mundo Inxusto, destinada a trasladar á cidadanía o sustento teórico da cooperación municipalista galega, desenvolvida polo Fondo nestes anos de existencia. Tamén esta irá acompañada dun CD, pensado para a impartición de aulas nos institutos de educación secundaria.

Contamos tamén cunha cuarta exposición da ONGD Solidariedade Galega, cofinanciada polo Fondo: **Nicaragua, unha realidade viva**. Ademais, todas as exposicións poden ser combinadas coa actividade Ciclos de Cine con Fondo.

- **Resultado 2.2. Charlas contra a indiferenza.**

Durante este 2012, e debido a demanda que os socios comunicaron á Secretaría do FG, dispoñemos de **10 charlas, presentadas por especialistas de recoñecido prestixio, ao respecto das temáticas que as exposicións presentan**, para que acompañen a inauguración das mesmas. Ao tempo realizaranse máis charlas cando sexa posible, por medio de participantes de Vacacións con Traballo, coa colaboración de ONGD's ás que o FG lles teña financiado proxectos, ou membros da propia Secretaría técnica.

Toda esta batería de actividades destinada aos socios, contará tamén coa posibilidade de contar, de maneira específica, ou acompañada doutras actividades cós Ciclos de Cine con Fondo.

- **Resultado 2.3. Realizadas 20 actuacións dun espectáculo de contacontos infantís en 20 entidades sociais diferentes.**

2010 foi o primeiro ano en que o FGCS optou por recorrer a este tipo de espectáculo como ferramenta de sensibilización, e a experiencia foi verdadeiramente satisfactoria para os socios e as súas cidadás e cidadáns. *Contos coas mans abertas*, o nome do espectáculo da **Tropa de Trapo** que xirou durante o 2010 e o 2011, continua a ser un éxito, segundo os informes que se achegan á Secretaría Técnica desde os Concellos visitados.

Sen embargo, e dada a demanda dos socios, durante o 2012, a xira a realizar será destinada ao **público menor de 13 anos**. E de novo, e dados os rotundos informes técnicos que se nos achegan, voltaremos depositar a nosa confianza na Tropa de Trapo.

- **Resultado 2.4. Realizado o Concurso fotográfico: Imaxes con Fondo, 15 anos de solidariedade contra a indiferenza.**

No mes de marzo faranse públicas as bases do concurso, que contará con dúas categorías. A primeira, entre os **13 e os 18 anos**, será orientada á participación en colexios, e centros de ensino, institutos, e FP. A temática das fotos xirará en

torno ao título: **“Solidariedade, cousa de tod@s”**, na procura de imaxes que dean conta dos exercicios de solidariedade e cidadanía do día a día.

A segunda, será orientada á toda a **ciudadanía galega maior de idade**, baixo o título: **“Cambia, reivindica e constrúe”**, e procuraranse imaxes que den conta dos efectos da globalización na sociedade galega, desde a inmigración aos estilos de consumo, ou das desigualdades comúns nas nosas sociedades, como as de xénero, ou abusos ambientais.

Nas dúas categorías, as fotos deben ir acompañadas dun tweet, mensaxe que non supere os 140 caracteres.

Na primeira categoría o premio será unha cámara fotográfica, e un lote de produtos de comercio xusto. Na segunda categoría, o premio será unha viaxe a Cabo Verde durante 2013, do cal o premiado deberá retornar, cun conxunto de fotos sobre o país africano que sexan susceptibles de converterse nunha exposición do Fondo Galego.

Conformarase un xurado independente, que fará público o nome dos gañadores 15 días antes da celebración das **VII Xornadas anuais do FG, onde se entregarán os premios**. No caso de non contar cunha participación axeitada, os premios poderán declararse desertos.

● **2.5. Difusión en Galicia da Semana Galega contra a pobreza**

A Semana Galega contra a pobreza que impulsa en Galicia a Coordinadora Galega de ONGD's, é o reflexo local, dun esforzo mundial (encabezado pola Campaña do Milenio das NNUU) por visibilizar os masivos niveis de pobreza a nivel planetario, e a súa vez polo tanto, lembrar a relevancia do sistema internacional de axuda para modificar esta situación.

O Fondo editará distintos materiais onde se incentive ás entidades municipais á organización de actividades específicas nesa semana concreta, impulsando bandos municipais en favor dos ODM. Tamén por medio da súa páxina web e espazos nas redes sociais visibilizaremos esa semana de solidariedade internacional.

A súa vez, o Fondo fará de intermediario entre as ONGD's e os Concellos, para que durante esa semana desde o nivel institucional-local, se demanden solucións ás inxustizas e desigualdades mundiais.

Obxectivo específico 3. Visibilizar nas Entidades socias e na sociedade galega en xeral, o traballo do Fondo Galego en particular, e da cooperación municipalista galega, en xeral.

A comunicación é un elemento fundamental de calquera organización. No caso do FG aspira a:

- Explicar en que e como se gasta un diñeiro maioritariamente público.
- Transmitir as razóns de ser do FG e da súa actividade.
- Estimular o compromiso dos socios, formándoos en cooperación municipalista, achegándolles argumentos en favor desta.
- Contribuír a unha cidadanía esixente co grao de implicación das súas entidades locais no ámbito da cooperación.
- En xeral, contribuír a unha cidadanía crítica cos desequilibrios internacionais, solidaria, pero tamén esixente coa cooperación internacional.
- Promover uns medios de comunicación máis atentos e permeables aos asuntos relacionados coa cooperación internacional.

- **Resultado 3.1. Mellorada e consolidada a comunicación externa do Fondo Galego.**

En **2010 e 2011** foron contratados os servizos a tempo parcial dunha comunicadora a fin de potenciar a proxección social do FGCS e profesionalizar o tratamento da información e as relacións cos medios de comunicación. **Aumentou de maneira exponencial a presenza do FG en medios** que, ademais, procuran agora aos e ás representantes do FG para cubrir informacións

sectoriais. Por outro lado, a comunicadora contribúe notablemente a aliviar o traballo redactor que este Plano de Sensibilización implica, constituíndose nun importante apoio para a súa xestión.

- **Resultado 3.2. O web do Fondo Galego centraliza a información da cooperación municipalista galega.**

Desde xaneiro de 2011 contamos cun novo web, esteticamente máis atractivo e intuitivo. A súa principal novidade consiste en que pode ser xestionado directamente desde a Secretaría Técnica do FG e pola comunicadora, co que as informacións se poderán actualizar de modo máis áxil, dotando así o propio web dun maior valor comunicativo e dinamismo. Ademais, os custos de mantemento serán inferiores.

Neste 2012 acometeranse **melloras do web**, que principalmente se dirixiran a **visibilizar mellor os proxectos no SUR** que o Fondo Galego desenvolveu nos seus 15 anos de historia.

- **Resultado 3.3. Realizadas e distribuídas Memorias anuais sobre o Fondo Galego entre as Entidades socias e os diferentes actores do sistema de cooperación galega.**

Quizá se trata do documento máis importante a efectos de transparencia, na medida en que é o máis completo. Son distribuídas a todos os socios e axentes do sector.

- **Resultado 3.4. Realizados e distribuídos 6 números do IAF, publicación bimensual sobre o traballo do Fondo Galego.**

Ademais de manter periodicamente informados os socios sobre as actividades e recursos do FG, son utilizados, con maior frecuencia que outros materiais, para trasladar ás cidadanías locais o traballo do FG, ao colocalos en dependencias municipais e provinciais en que o fluxo de cidadáns e cidadás é maior.

- **Resultado 3.5. 2ª Fase do documental “15 anos de solidariedade contra a indiferenza”.**

Se no 2011, da colaboración do FG con AGARESO (Asociación Galega de Reporteiros Siolidarios) naceu o guión previo, e se efectuou unha misión a Cabo Verde para a filmación, e gravación de entrevistas, durante este 2012, a 2º fase, ademais de novas gravacións, montárase e editárase un CD-DVD, co documental, sendo este distribuído entre os socios. **O documental presentarase no acto de celebración dos 15 anos, nas VII Xornadas anuais de cooperación.**

3. Recursos humanos.

A xestión deste Plano de Sensibilización require unha persoa a tempo completo, o Secretario, co apoio estreito da comunicadora en todo o traballo de redacción e difusión mediática, e a colaboración da técnica de proxectos do Fondo. Ademais de achegas concretas de profesionais que leven algunha actividade ou proceso, de maneira directa, coma o deseñador gráfico.

4. Resumo orzamentario

RESULTADO 1: REFORZADA A REDE HUMANA E ORGANIZATIVA-INSTITUCIONAL DO FONDO GALEGO

A1.1. Visita ao Norte

A.1.1.1. Confección da axenda, reserva de billetes e hoteis, mobilización e manutención. 1300€

A.1.2. Redes Municipalistas Solidarias (RMS)

A.1.2.1. Elaboración e difusión da convocatoria

(gastos indirectos)

A1.3. Programa Vacacións con Traballo (VcT)

A.1.3.1. Apertura da Convocatoria: deseño, impresión e distribución de dípticos. 350

A.1.3.2. Publicación de Experiencias Solidarias: deseño, impresión e distribución de cadernos. 1500

A.1.3.3. Encontro cos participantes VcT (2006-2011) 300

A.1.3.4. Desprazamentos ao Sur 4200

A.1.4. Producir unha Exposición en banda deseñada: 15 anos de solidariedade contra a indiferenza

A.1.4.1. Encontro de ilustradores galegos 200

A.1.4.2. Deseño e produción da Exposición 1500

A.1.5. VII Xornadas anuais de cooperación: 15 anos administrando solidariedade desde o local.

A.1.5.1. Confección das xornadas, convocatoria e difusión 1500

A.1.6. Fondo Documental da cooperación municipalista galega, compra de material.

A.1.6.1. Adquisición de materiais para completar os Ciclos de cine con Fondo 100

RESULTADO 2: XERADAS ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN SOCIAL E EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO ENTRE AS ENTIDADES SOCIAS.

A.2.1. Mobilizar as Exposicións e os recursos educativos itinerantes do Fondo Galego

A.2.2 Charlas contra a indiferenza

A.2.2.1. Contratación de especialistas 1500€

A.2.3. Xira da Tropa de Trapo, estrea de espectáculo infantil

A.2.3.1. Selección e preparación da Xira

A.2.3.2. Execución da Xira 7000

A.2.4. Concurso fotográfico, Imaxes con Fondo

A.2.4.1. Configuración das bases e apertura e difusión da convocatoria 1000

A.2.4.2. Selección e entrega de premios 600

A.2.5. Difundir entre as entidades socias a Semana Galega e Mundial contra a pobreza 350

RESULTADO 3: VISIBILIZADA A ACTIVIDADE DO FONDO GALEGO ENTRE A CIDADANÍA GALEGA.

A.3.1. Externalización da comunicación	11000€
A.3.2. Elaboración da Memoria 2011	2250
A.3.3. Elaborados 6 IAF's, publicación bimensal do Fondo Galego	2220
A.3.4. Mantemento páxina web	300
A.3.5. 2º Fase elaboración do documental "Xuntos cooperamos mellor"	2500

RECURSOS

HUMANOS 24000€

CUSTES

INDIRECTOS 4000

DESPRAZAMENTOS

A CONCELLOS

GALEGOS 3000

TOTAL 70.670€